

GALEGO

O Servizo de Orientación Laboral da Fundación Érguete-Integración cumpre o seu primeiro ano con máis de 950 accións realizadas

Entre as persoas usuarias con itinerarios Personalizados de Inserción (IPIs), máis do 50% acadaron insercións no mercado laboral

A Fundación Érguete-Integración e o seu [Servizo de Orientación Laboral](#) están de noraboa. Finalizado o mes de setembro cumpríuse o primeiro ano dende que a entidade comezara a ofertar este servizo como programa propio; e o fai con grandes datos de participación e moi bos resultados.

Este Servizo de Orientación Laboral (SOL) intégrase na rede de Oficinas de Emprego da [Consellería de Economía, Emprego e Industria](#) da Xunta de Galicia. A través del persoas demandantes de emprego poden recibir asesoramento e información sobre as opcións e posibilidades laborais, a procura de emprego ou a oferta formativa.

Exitoso primeiro ano do programa


O SOL, xestionado pola técnica responsable do Servizo, Silvia Fernández Fuentes, vén de rematar o seu primeiro ano de actividade sorprendendo polos seus bos resultados e a alta demanda e boa acollida do programa. Durante estes 12 meses, de setembro do 2018 ao mesmo mes de 2019 atendeu en total a 190 persoas diferentes, das que un 53% foron mulleres e o 47% restante homes.



Con todas estas persoas dende o Servizo de Orientación Laboral estúdase cada caso para poder axudar da mellor maneira posible, adaptándose ás necesidades, formación e preferencias formativas e laborais de cada persoa que acude en busca de asesoramento.

En total, durante estes meses realizáronse un total de 964 accións coas persoas usuarias do Servizo de Orientación Laboral coas que se intenta apoiar, guiar e asesorar ás persoas na busca de emprego a través de diversos medios e accións.

Accións SOL 1º ano 2018/9



A acción máis habitual (como reflicte o gráfico superior) é a de asesoramento, seguida de cerca pola motivación e as técnicas de procura de emprego. Completan o catálogo de accións realizadas dende o servizo outras como axuda na definición do Curriculum Vitae, información sobre formación ou portais do Servizo Público de Emprego, do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, derivación ao sistema educativo, etc.

Ademais, dende o comezo de 2019 o programa conta coa posibilidade de crear Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI), dirixidos ao asesoramento, formación e inserción; fronte á situación inicial, na que estes eran cargados desde o Sistema de Garantía Xuvenil. Esta autonomía fixo mellorar o servizo e a experiencia das persoas usuarias. Dentro de IPI realizáronse un total de 692 accións que inclúen, por exemplo, a creación de perfís profesionais. Entre as persoas coas que se realizou o IPI a distribución de xéneros varia un pouco, cun 52% de homes e 48% de mulleres.

Das persoas coas que se pechou o IPI, **un 55% conseguiron inserción laboral** que é a finalidade última deste servizo. Deste xeito estamos ante un programa que en pouco tempo tivo unha clara evolución positiva e que semella seguirá así nos vindeiros meses.

Para acceder ao Servizo a persoa pode ser derivada dende o Servizo Público de Emprego de Galicia ou de calquera Oficina de Emprego ou pedilo cubrindo a solicitude na nosas instalacións de Vigo na Avda. de Emilio Martínez Garrido, 21, interior, ou cubrindo este modelo.

CASTELLANO

El Servicio de Orientación Laboral de la Fundación Érguete-Integración cumple su primer año con más de 950 acciones realizadas

Entre las personas usuarias con itinerarios Personalizados de Inserción (IPIs), más del 50% consiguieron inserciones en el mercado laboral

La Fundación Érguete-Integración y su [Servicio de Orientación Laboral](#) están de enhorabuena. Finalizado el mes de septiembre se cumplió el primer año desde que la entidad había comenzado a ofertar este servicio como programa propio; y lo hace con grandes datos de participación y muy buenos resultados.

Este Servicio de Orientación Laboral (SOL) se integra en la red de Oficinas de Empleo de la [Consellería de Economía, Emprego e Industria](#) da Xunta de Galicia. A través de él personas demandantes de empleo pueden recibir asesoramiento e información sobre las opciones y posibilidades laborales, la búsqueda de empleo o la oferta formativa.


Exitoso primer año del programa

El SOL, gestionado por la técnica responsable del Servicio, Silvia Fernández Fuentes, viene de finalizar su primer año de actividad sorprendiendo por sus buenos resultados y el alta demanda y buena acogida del programa. Durante estos 12 meses, de septiembre del 2018 al mismo mes de 2019 atendió en total a 190 personas diferentes, de las que un 53% fueron mujeres y el 47% restante hombres.



Con todas estas personas desde el Servicio de Orientación Laboral se estudia cada caso para poder ayudar de la mejor manera posible, adaptándose a las necesidades, formación y preferencias formativas y laborales de cada persona qué acude en busca de asesoramiento.

En total, durante estos meses se realizaron un total de 964 acciones con las personas usuarias del Servicio de Orientación Laboral con las que se intenta apoyar, guiar y asesorar a las personas en la busca de empleo a través de diversos medios y acciones.



La acción más habitual (cómo refleja el gráfico superior) es la de asesoramiento, seguida de cerca por la motivación y las técnicas de búsqueda de empleo. Completan el catálogo de acciones realizadas desde el servicio otras como ayuda en la definición del Currículo, información sobre formación o portales del Servicio Público de Empleo, del Sistema Nacional de Garantía Juvenil, derivación al sistema educativo, etc.



Además, desde el comienzo de 2019 el programa cuenta con la posibilidad de crear Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI), dirigidos al asesoramiento, formación e inserción; frente a la situación inicial, en la que estos eran cargados desde el Sistema de Garantía Juvenil. Esta autonomía hizo mejorar el servicio y la experiencia de las personas usuarias. Dentro de IPI se realizaron un total de 692 acciones que incluyen, por ejemplo, la creación de perfiles profesionales. Entre las personas con las que se realizó el IPI por distribución de géneros varía un poco, con un 52% de hombres y 48% de mujeres.

De las personas con las que se cerró el IPI, un 55% consiguieron inserción laboral que es la finalidad última de este servicio. De este modo estamos ante un programa que en poco tiempo tuvo una clara evolución positiva y que parece seguirá así en los próximos meses.

Para acceder al Servicio a persona puede ser derivada desde el Servicio Público de Empleo de Galicia o de cualquier Oficina de Empleo o pedirlo cubriendo la solicitud en nuestras instalaciones de Vigo en la Avda. de Emilio Martínez Garrido, 21, interior, o cubriendo este modelo.